



# BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

## Concello de Vedra

Abril 2018 • Nº 223

### CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NO ÁMBITO DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

■ O xoves 8 de marzo de 2018 no DOG nº 48, saíu a convocatoria pola que se abre o prazo para solicitar a participación para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación de edificios e a rexeneración e renovacións urbanas 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras das subvencións deste programa.

#### Prazo de solicitude:

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte da publicación desta Orde no DOG e poderán pechar o prazo para a presentación de solicitudes de cualificación provisional e definitiva, en atención ao número de solicitudes presentadas.

#### Parroquias beneficiadas polas actuacións de rehabilitación:

**Camiño da prata II:** Ponte Ulla, Santa Cruz de Ribadulla, San Pedro de Vilanova, San Fins de Sales e San Xián de Sales.

#### Contía das subvencións:

1.- A contía máxima das axudas contidas no Plan estatal 2013-2016, **non poderá exceder os 11.000 euros** por cada vivenda obxecto de rehabilitación e determinarase atendendo ao custo subvencionable da actuación e **non poderá exceder o 35%** do citado custo subvencionable.

2.- A contía máxima das axudas autonómicas, **non poderá exceder os 4.000 euros** por cada vivenda obxecto de rehabilitación e determinarase atendendo ao custo subvencionable da actuación e **non poderá exceder o 10%** do citado custo subvencionable.

#### Máis información:

1.- Consellería de Infraestruturas e Vivenda.  
2.- Concello de Vedra en horario de atención ao público de luns a venres de 8.30 a 14.00 horas, reservando cita no teléfono 669 450 801.

### ABRIL

| L  | M  | MC | X  | V  | S  | D  |
|----|----|----|----|----|----|----|
|    |    |    |    |    |    | 1  |
| 2  | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  |
| 9  | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 |    |    |    |    |    |    |

### AXENDA PARA O MES DE ABRIL

■ Campaña “Separar con xeito” na XXXVIII Exaltación da Festa do Viño da Ulla o vindeiro 8 de abril.

■ Charla factura eléctrica o vindeiro 6 de abril.

■ Sendeirismo “Ruta do Padre Sarmiento” o 21 de abril.

■ Charla Informativa sobre o Cultivo da Oliva para a produción de Aceite e o Cultivo de Camelia para a produción de té e aceite o 26 de abril.

■ Do 2 ao 27 de abril ábrese o prazo de inscrición para o Campamento infantil e xuvenil organizado polo concello para este verán.

■ Do 11 ao 20 de abril ábrese o prazo de inscrición para o Campamento Recreando.

■ Programación da Terceira Idade:

■ Escola de Saúde “Proceso do envellecemento normal e terapias para persoas con deterioro cognitivo en Vedra” o 12 de abril.

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz e visita o 18 de abril.

■ Bingo o 19 de abril.

■ Escola de Saúde: “Alimentación e vida saudable. Os efectos dunha boa nutrición” o 26 de abril.

### AXENDA ASOCIATIVA PARA ABRIL

■ Festival de Bandas Xuvenís o vindeiro domingo 29 de abril.



Encontro de mulleres. O pasado 8 de Marzo con motivo do Día Internacional da Muller, celebrouse un Encontro de Mulleres no que se ofreceu un espazo para compartir experiencias.



Iniciándonos no té. Charla- Cata impartida por Carmen Salinero (Presidenta da Sociedade Española da Camelia), última das actividades programadas dentro do marco das XXIII Xornadas arredor da Camelia.



Entrega de composteiros, o pasado 9 de marzo na Biblioteca Municipal de Vedra.



Charla de educación viaria, no centro Sociocultural dentro da campaña de concienciación: "Maiores activos e seguros".



Campaña de promoción turística do Concello de Vedra no partido do Obradoiro CAB.



Rematada a Liga de Fútbol Sala do Concello de Vedra, felicitamos ao equipo campión: Brañas Café- Bar "0 26".





## ASÍ FOI... NAS ASOCIACIÓNS



Entroido na parroquia de Vilanova. Última saída dos Xenerais da Ulla en Vedra.



Concerto da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra na igrexa de Conxo.



TeatroFilia, o pasado mes puidemos gozar do teatro da man de AC Papaventos – Andaravía Teatro.



Xornadas técnicas sobre a Cultura do Viño.







## CONTINÚA A LOITA CONTRA A AVESPA VELUTINA...

### UNHA CAMELIA, UNHA TRAMPA

■ En cada casa de Vedra, “en cada Camelia, coloca unha trampa”.



### A COLABORACIÓN VECIÑAL É IMPRESCINDIBLE

A posta de trampas para a captura de raíñas na primavera é fundamental, xa que cada raíña “fundadora” capturada significará que haxa un niño menos na contorna. As novas raíñas nadas o outono anterior, emerxen do período de hibernación a finais de febreiro, inicio de marzo, e comezará a construír o niño para a continuación realizar a primeira posta de ovos. A finais de maio, primeiros días de xuño, nacen as primeiras avespas obreiras, ocupándose estas desde este momento de realizar todos os labores necesarios para o desenvolvemento da colonia. A partir deste momento, as raíñas permanecerán constantemente no interior do niño, ocupándose unicamente da tarefa de posta de ovos.

Consecuentemente, débese aproveitar o período no que as raíñas se mostren activas no exterior para proceder á súa captura, é dicir, durante os meses de febreiro, marzo e abril.

### “COLABORA POÑENDO TRAMPAS”

#### Onde colocar as trampas?

Cólganse a 1,5 metros de altura, en zonas asolladas e resgardas do vento.

- En plantas de especial interese para a velutina, como as especies de orixe asiática (camelias, especialmente xapónica), callistemon, a aralia (ou árbore de Angélica), níspero xaponés, froiteiros en flor (cerdeiras, cítricos), ornamentais. En xeral plantas de floración temperá.
- Nas proximidades dos composteiros.
- Nun radio de 100-150 metros de niños do ano anterior.
- En árbores que poden ter pole ou pulgón; por exemplo o salgueiro.
- Nas proximidades dos locais onde os apicultores gardan o seu material e extraen o mel.

### “COLABORA ATOPANDO OS NIÑOS DE AVESPA”



**Chama ao 012 ou 981 814 612**



## En loita contra a velutina

### Colocaches a túa trampa?


**SÍ**

**fixéchelo moi ben**

**Colabora co teu concello**



**Concello de Vedra**



**Non**

**a qué esperas?**

## PREVENCIÓN DE LUMES

■ É ben sabido que o monte que forma parte do Medio Rural Galego, é un patrimonio esencial para o desenvolvemento sustentábel en Galicia, xa que conforma o 65% da súa superficie.

Pola súa gran importancia patrimonial e como recurso natural, é preciso que tanto a sociedade como as administracións públicas, velen pola súa conservación, protección e rexeneración fronte as ameazas ás que o monte está exposto; entre elas “os incendios forestais”, que non só afectan a riqueza ambiental e a súa actividade, senón que poñen en risco a integridade física das persoas.


Por todo isto, faise preciso aplicar “A lei de prevención e defensa contra os incendios” (Lei 3/2007 do 9 de Abril). Entre algunhas das medidas recollidas na mesma atópanse: a xestión da biomasa vexetal ao longo das estradas e zonas de dominio público. Algunhas das especies que non poderá haber son: piñeiro galego, silvestre, de Monterrei, De Oregón... así como mimosa, eucalipto, toxo, entre outras.

A Lei tamén obriga aos particulares, sendo responsabilidade das persoas titulares, xestionar a biomasa

vexetal nunha franxa de 50 m de perímetro ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como ao redor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, cámpings, gasoleiras, etcétera situadas a menos de 400 m. do monte, e tamén ao redor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 m. do monte.

No suposto de **incumprimento das obrigas** por parte das persoas responsables, os entes locais, enviaránlle unha comunicación na que se lembrará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal, e por tanto da retirada das especies prohibidas no prazo máximo de 15 días naturais. No caso de incumprimento, aplicarase o procedemento de sanción e as **multas coercitivas** correspondentes.

Con todo o dito, faise preciso cumprir coas medidas de prevención de incendios forestais e das obrigas citadas na Lei (artigo 22), ademais da importancia e indispensable colaboración institucional que faga cumprir a Lei 7/2012 do 28 de xullo de montes de Galicia, así como as normas emanadas do resto das administracións.





## CHEGA A VEDRA A CAMPAÑA “SEPARAR CON XEITO”

■ Con motivo da XXXVIII Exaltación da Festa do Viño da Ulla o vindeiro 8 de abril, o Concello de Vedra, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Ecoembes, trae a campaña “Separar con xeito”.

O obxectivo desta campaña é fomentar prácticas responsables en torno á reciclaxe que se depositan no colector amarelo, latas, plásticos e briks e no colector azul, cartón e papel.

Haberá unha carpa informativa na Festa do Viño, o domingo 8 de abril no Campo da festa de Sarandón.

Máis información: [www.separarconxeito.gal](http://www.separarconxeito.gal)



## AGROFORMACIÓN

■ Charla Informativa sobre o cultivo da oliva para a produción de aceite e o cultivo de camelia para a produción de té e aceite.

- **Lugar:** Biblioteca municipal de Vedra.
- **Data:** 26 de Abril.
- **Hora:** 19:00 h.



# Deporte

## SENDEIRISMO

■ Comezamos unha nova ruta do camiño!!!

### “Ruta do Padre Sarmiento”

- **Data:** 21 de abril.
- **Percorrido:** Pontevedra- Sanxenxo.

Horarios e puntos habituais de recollida do autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30h
- Parada en Lestedo ás 7:40 h.
- Parada no Breixo ás 7:45 h.
- Parada en Hipercor ás 7:55 h.
- Parada na Estación de Autobuses ás 8:00 h.

Información e reservas no 981 814 691.



## CHARLA FACTURA ELÉCTRICA



Charla orientada a particulares para facer comprensibles as nosas facturas eléctricas

### Charla sobre "A FACTURA ELÉCTRICA"

**Venres, 6 de abril**  
ás 20:00 h. no Centro Social de Vedra



## Educación

## VEDRA MEDRA

### *A auga de abril enche o carro e o carril*

■ Agardamos que abril veña con menos auga ca marzo porque coa entrada da primavera temos previsto comezar as saídas didácticas.

O Equipo de dinamización da lingua galega, a través do proxecto *Vedra medra co feitizo do Camiño*, e o Departamento de xeografía e historia promoven unha visita a San Pedro de Vilanova, Padrón e Santiago para o vindeiro día 3.

A elección do itinerario vén determinada pola especial atención que se lle está prestando este curso 2017/18 ao Camiño de Santiago ao seu paso polo concello dentro do programa de educación patrimonial MIRANDO POLO CAMIÑO.

Tres son os centros de interese que contemplamos na saída.

O primeiro, o santuario e a *fonte do Santiaguíño*, na parroquia de San Pedro de Vilanova, por seren dous fitos no Camiño Real de Ourense a Santiago ao seu paso por terras vedresas.

O segundo, o *Santiaguíño do Monte* en Padrón un dos santuarios menores de maior tradición xacobeá en Galicia. Esta tradición identifícao como un dos santos lugares onde estivo predicando o apóstolo Santiago. Como elementos singulares sinalamos a ermida, o rochedo situado ao seu carón, a cama do santo ou a fonte milagreira.

O terceiro, o Museo das peregrinacións de Santiago que será o punto final do percorrido. O museo, situado

na Praza das Praterías, conta con importantes fondos relativos á iconografía xacobeá e representacións da figura do apóstolo Santiago procedentes das distintas rexións peninsulares e mesmo doutros países. Dispón tamén dunha importante colección de acibeche, tan vinculado á cidade compostelá e á peregrinación, así como dun fondo bibliográfico antigo sobre o culto xacobeo e a Orde de Santiago.

Paralelamente, na aula continuamos coa recollida de fotografías anteriores á década dos 70 para participar no concurso -AS IMAXES DO PATRIMONIO- que convoca a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas!

E recordamos coma sempre o convite que cada mes facemos a todos os lectores e lectoras do boletín para que se unan ao noso proxecto de dinamización.

**Vedra medra** ten sitio para todas as persoas que aposten por un PATRIMONIO VIVO... No **Facebook Vedra medra** poden ver o labor que seguimos a facer.







## AXUDAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS POR AGRICULTORES/AS MOZOS

■ A Consellería do medio rural convoca para o ano 2018 as axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores/as mozos e mozas e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

O **prazo** de presentación de solicitudes está aberto ata o **16 de abril**.

As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento MR404A e MR405B.

Máis información no DOG do 16 de marzo de 2018 e en <http://mediorural.xunta.gal>

\*Agricultor mozo/a: a persoa que no momento de presentar a solicitude da axuda á primeira instalación teña cumprido os dezoito anos e non teña



cumprido máis de corenta anos, conte coa capacitación e a competencia profesionais axeitadas e se estableza nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación. Poderá establecerse de xeito individual ou xunto con outros agricultores ou agricultoras.

## AULAS DA NATUREZA 2018

■ O Ministerio de educación convoca 400 axudas para participar no programa “Aulas da Natureza” durante 2018.

### Requisitos

- *Alumnado que non presente necesidades educativas especiais:* estar cursando 5º ou 6º curso de Educación Primaria ou 1º de ESO e ter unha idade comprendida entre os 11 e 14 anos a data 31 de decembro de 2018.



- *Alumnado que presenta necesidades educativas especiais:* estar diagnosticado como alumno con necesidade específica de apoio educativo por presentar necesidades educativas especiais, cursar Educación Primaria, Educación Secundaria Obligatoria ou Educación Básica Obligatoria e ter unha idade comprendida entre os 11 e 16 anos a data 31 de decembro de 2018.

A actividade desenvolverase en **quendas de 12 días** entre o **14 de xullo** e o **5 de agosto**.

En cada un das dúas quendas do programa de doce días de duración, participarán 200 alumnos, *nas instalacións ofertadas pola empresa que resulte adxudicataria da licitación para a organización e execución do programa*. Os gastos de traslado dos alumnos beneficiados desde o lugar de residencia ata o punto de recollida establecido, e viceversa unha vez finalizada a actividade, correrán por conta dos responsables familiares.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **18 de abril de 2018**.

Máis información no BOE do 20 de marzo de 2018 e en: <http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/estudiantes/becas-ayudas/extraescolares/aulas-naturaleza.html>





## ACCIÓNS DE VERÁN 2018

### ■ Campamentos

#### • Documentación:

Ficha de inscrición (descargar ficha na web) e resgardo de pagamento (ata 10 días antes do comezo da actividade), en caso de non entregalo procederase á baixa na actividade.

• **As inscricións** realizaranse no Departamento de cultura ou a través do e-mail: [cultura@concellodevedra.com](mailto:cultura@concellodevedra.com)

• **Prazas limitadas** con preferencia dos empadroados no concello.

• **Pagamento:** Ingreso na conta:  
ES44 2080 0330 1731 1000 0020

#### • Descontos (agás Campamento RECREANDO):

- 2º fillo/a na mesma actividade: 25%
- 3º fillo/a na mesma actividade: 50%
- 4º fillo/a ou máis: de balde

• **Organizan:** Concello de Vedra e Boqueixón



| CATEGORÍA | IDADES                                    | INSTALACIÓNS                             | DATAS            | PRAZO INSCRICIÓN                                        | PREZO                                                                                                        |
|-----------|-------------------------------------------|------------------------------------------|------------------|---------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| INFANTIL  | Nados/as de 2006 a 2009 (ambos incluídos) | O Terrón Apartamentos Vilanova de Arousa | 1 ao 8 de xullo  | Do 2 ao 27 de abril                                     | 185 €                                                                                                        |
| XUVENIL   | Nados/as de 2002 a 2005 (ambos incluídos) | O Terrón Bungalows Vilanova de Arousa    | 1 ao 8 de xullo  | Do 2 ao 27 de abril                                     | 185 €                                                                                                        |
| RECREANDO | Nados/as de 2000 a 2004 (ambos incluídos) | Salou Port Aventura Benicarló Castellón  | 8 ao 15 de xullo | Do 11 ao 20 de abril<br>Reunión informativa 10 de abril | 165€<br>Inclúe 3 días en Salou A.D<br>4 días campamentos Benicarló P.C<br>Non inclúe voo e entrada no parque |

## VOLUNTARIADO XUVENIL

■ Programa dirixido a mozos/as de entre 16 e 30 anos. As áreas nas que se desenvolve verán as diferentes accións de voluntariado: atención a peregrinos, dinamización sociocultural, accións ambientais, campo de traballo...

As persoas voluntarias contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C, e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

**Anímate a participar no voluntariado xuvenil ao longo deste próximo verán!, reserva a túa praza.**

+ información e inscricións:  
Tel. 981.814.695 ou  
[xuventude@concellodevedra.com](mailto:xuventude@concellodevedra.com)



## IMSERSO. PROGRAMA DE TERMALISMO PARA O 2018

■ Recorda que aínda estás a tempo de participar neste programa da terceira idade se cumpres algún dos seguintes requisitos:

- Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social.
- Ser pensionista de viuvez do Sistema da Seguridade Social con 55 anos ou máis.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, do sistema da seguridade social, con 60 anos ou máis.
- Ser asegurado ou beneficiario do sistema da seguridade social, con 65 anos ou máis.

Tamén é necesario:

- Non padecer alteracións de comportamento que impidan a convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidades transmisibles con risco de contaxio.
- Poder valerse por si mesmo para as actividades básicas da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados.

### Servizos que ofrece:

- Aloxamento e manutención, en réxime de pensión completa.

- Tratamentos termais básicos: recoñecemento médico, tratamento termal e seguimento do mesmo.
- Actividades de ocio e tempo libre ofertadas gratuitamente.
- Póliza colectiva de seguro.

### Establecementos incluídos no programa:

|                        |                 |
|------------------------|-----------------|
| Baños Vello            | Lobios          |
| Río Pambre-2           | Dávila          |
| Molgas-1               | Illa da Toxa    |
| Laias                  | Termas Romanas  |
| Acuña-2                | Arnoia          |
| Termas de Cuntis       | Carballiño      |
| Mondariz               | Acuña-1         |
| Santiago de Compostela | Caldelas de Tui |
| Augas Santas           | Baños de Brea   |
| Molgas-2               |                 |

Para asistir ás quendas de SETEMBRO a DECEMBRO, ambos incluídos, deben solicitalo antes do 9 de maio de 2018.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS do concello os LUNS, XOVES E VENRES DE 8:30 a 14:00 horas.

## LUDOTECA

■ O mes de abril vén cargado de actividades onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinámoslles aos nenos e nenas, a convivir cos demais, a ser persoas cunha mirada crítica, tendo o obxectivo de interactuar coas familias, e constituír un punto de orientación, trataremos de informarnos sobre diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo dos nenos e nenas, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementa-la tarefa educativa que realizan a familia e a escola.

Con esta intención, formulamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Coñecendo Hong Kong.
- Xogando en valores: Contacontos.

- Experimentos divertidos : “o profesor chifrado”.
- “Mr/s. Manitas”.
- Descubre e investiga: “xogos na China”.
- Patrulla ambiental.
- Compañeiros/as de xogo.
- Ludochef.

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699.041.486 ou no enderezo electrónico [carmen.sabio@concellodevedra.com](mailto:carmen.sabio@concellodevedra.com).



Concello de Vedra



XUNTA DE GALICIA



## ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

### ■ De interese...

Para unha mellor difusión dos programas de actividades trimestrais da terceira idade, informamos que todas as persoas interesadas poden tamén obtelo nos seguintes lugares:

- No concello de luns a venres de 10:00 a 14:00 h.
- No Centro social da terceira idade de martes a domingos de 18:00 a 22:00 h.

### ■ Actividades:

#### ■ Escola de Saúde

"Proceso do envellecemento normal e terapias para persoas con deterioro cognitivo en Vedra"

Xoves 12 ás 20.00 h.

Impartido pola Psicóloga de Agadea Alba Mouzo Filgueira.

#### ■ Circuito Termal nas Termas de Outariz e visita.

Mércores 18 de abril.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

**Programa:** pola mañá tratamento termal, xantar, visita ao Pazo de Liñares e regreso.

(O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o martes 3 de abril no Centro social. As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición)

#### ■ Bingo

Xoves 19 ás 20:00 h.



Excursión ás terras da Mariña Central



Visita ao Museo das Zocas e Finca Galea.

#### ■ Escola de Saúde

Alimentación e vida saudable. Os efectos dunha boa nutrición. Alimentación, prevención e fármacos.

Xoves 26 ás 20:00 h.

Impartido pola Doutora María Teresa Jardón Álvarez.

#### ■ Servicio de estimulación terapéutica.

A programación do Centro sociocultural da terceira idade leva desenvolvendo dende o pasado mes de xaneiro un "Servizo de estimulación terapéu-

tica para persoas con Alzheimer ou outras demencias"

**Horario da actividade:** Martes e xoves de 10:00 a 13:00 h.

Trátase dunha actividade executada pola Asociación "AGADEA" en coordinación cos servizos sociais municipais, a través dunha educadora social e unha "xerocultora".

Se tes interese nesta actividade ponte en contacto no 981 814 695, a primeira valoración para determinar a adecuación da posible persoa usuaria ao servizo determinará a unha psicóloga.

## VEDRA, EDUCA

■ Este proxecto vai dirixido a nais e pais con fillos menores de 3 anos do concello de Vedra. Trátase de traballar coas familias tentando:

- Promover o recoñecemento e valoración do rol de pais e nais no desenvolvemento integral dos menores de 3 anos.
- Fortalecer as capacidades como pais e nais para promover o desenvolvemento infantil dende as accións da vida cotiá, facendo uso dos recursos

e espazos do entorno familiar como elementos educativos.

- Fortalecer as redes de apoio na crianza e educación dos menores.

As persoas interesadas contactar no teléfono 699041486 en horario de 9.00 h. a 14.00 h. ou a través do correo electrónico:

[carmen.sabio@concellodevedra.com](mailto:carmen.sabio@concellodevedra.com)

## Asociacións

### FESTIVAL DE BANDAS XUVENÍS

■ A Escola de música Santa Cruz de Ribadulla- Concello de Vedra organiza o tradicional Festival de Bandas Xovenís o vindeiro domingo 29 de abril.

#### Participaran:

- Banda Infantil de Xinzo.
- Banda Infantil de Ribadumia.
- Banda Xuvenil de Santa Cruz de Ribadulla – Concello de Vedra.

## Parabéns

### A DONA CONCEPCIÓN NIETO PICÓN

■ Parabéns a Dona Concepción Nieto Picón, veciña de San Xíán de Sales, con motivo do seu centenario cumprido este pasado mes de marzo.



## Vedra festeira

E o 8 de abril...

### A XXXVIII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA

#### XXXVIII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA SAN MIGUEL DE SARANDON - VEDRA DOMINGO 8 DE ABRIL DE 2018

- 12.00 h. Inauguración da "Praza do Viño" e da Mostra dos Viños da D.O. Rías Baixas - Subzona Ribeira do Ulla. (Degustación de viños)  
- Concerto da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla
- 13.00 h. • Saúdo do Alcalde de Vedra.  
• PREGÓN A CARGO DE JOSÉ ANTONIO "BLAS" PIÑÓN (Cantante da Orquestra París de Noia)  
• Entrega de premios da Cata-Concurso dos Viños Rías Baixas Albariño da Subzona Ribeira do Ulla  
• Nomeamento da "ORDE DOS AMIGOS E AMIGAS DA BOTA DO VIÑO DA ULLA"
- 13.30 h. VIÑO SON: **DE VACAS**
- 16.00 h. VIÑO TRADICIONAL:  
- A.C. SAN CAMPIO: Grupos de música e baile Os Laxeiriños, Os Campiños, Panderiteiras Dedaleiras.  
- CANTIGAS E AGARIMOS
- 17.45 h. VIÑO FESTEIRO:  
- DESFILE DOS XIGANTES DE LIÑAIO

#### CHARANGA BB+ - A BANDA DA BALBINA ORQUESTRA JERUSALÉN



#### ESPAZO VIÑA

Espazo promocional dos Concellos da Subzona Ribeira do Ulla

Durante todo o día **Sorteo de Lotes de Produtos da Ulla**

Premios ás mellores Peñas: máis numerosa, máis festeira...

Haberá: polbo, filloas, chourizos, empanadas

Atraccións infantís

AMPLOS APARCADOIROS

[www.festadovinodaula.com](http://www.festadovinodaula.com)



### XVI FESTA DO CARNEIRO Ó ESPETO EN SAN XULIÁN DE SALES

#### Paradela 2017-18 XVI FESTA DO CARNEIRO Ó ESPETO SAN XULIAN DE SALES

DÍA: Domingo, 29 de abril de 2018

LUGAR: Campo da Festa

HORA: 14:00 h.



#### MENÚ:

Aperitivos variados.

Carneiro con patatas e ensalada.

Pan, Postre e Café.

Auga, Refrescos e Viño País.

MENÚ ALTERNATIVO: opción de menú de XAMÓN ASADO, sempre que se retire ticket con antelación, no momento de compra das entradas.

#### Precio por persoa:

Nen@s ata 6 anos: **Gratis**

(Imprescindible sacar ticket para reserva de asento).

De 7 a 12 anos: **12 €**

Maiores de 12 anos: **22 €**

Haberá un "agasallo" para todos os comensales.

Teremos CARPA e MÚSICA durante toda a xornada, a cargo do grupo

"OS ESFOLLADORES DE ILLORE".

Venta anticipada de entradas, ata o martes 24 de Abril, na cantina da Comisión ou no Bar Barreiro.

Para máis información ou reservas: 650.320.593 \* 667.670.591 \* 687.648.619

### FESTA DO SAN ANTONIO EN SAN PEDRO DE VILANOVA

■ O sábado 7 de abril, con sesión vermú e verbena amenizada polo *Dúo Pachi e Montse*.

#### PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo [novas@concellodevedra.com](mailto:novas@concellodevedra.com) co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.